

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO DE SAÚDE DE ORDES INICIA HOXE A ACTIVIDADE DE TARDE E O NOVO CENTRO DE SAÚDE DE MILLADOIRO ATENDE DOENTES DESDE ESTA MAÑÁ

- **2 facultativos, 1 enfermeira, 1 persoal de servizos xerais e 1 fisioterapeuta darán atención sanitaria ordinaria en Ordes, incrementando a súa carteira de servizos, que xa aumentara coa incorporación dun traballador social**
- **O novo centro de Saúde do Milladoiro, que iniciou esta mañá a actividade, quintuplica o espazo respecto ao anterior**

Santiago, 11 de xaneiro de 2021- Hoxe iniciou con normalidade a actividade o novo Centro de Saúde do Milladoiro, ademais a xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza implanta desde hoxe a atención ordinaria de tarde no Centro de Saúde de Ordes.

O novo Centro de Saúde de Milladoiro contou cun investimento de 2,6 millóns de euros e unha superficie de máis de 2.100m², que quintuplica a do anterior centro para dar atención ás preto de 15.000 persoas con tarxeta sanitaria nesta localidade en horario de mañá e de tarde. Estructurado en áreas diferenciadas e funcionais incorpora novos servizos como Fisioterapia e Odontoloxía, ademais dun ecógrafo de última xeración. Como apoio aos novos servizos de odontoloxía e fisioterapia (mañá e tarde) tamén se incorpora unha auxiliar de enfermería ao cadro de persoal do centro, que pasa así a ter preto de 30 profesionais. Para a posta en marcha do centro o centro conta con reforzo de Persoal de Servizos Xerais.

Centro de Saúde Ordes

Desde hoxe, 2 facultativos, 1 enfermeira, 1 PSX e 1 fisioterapeuta (este último iniciará actividade a vindeira semana) atenderán aos ordenses no seu Centro de Saúde todas as tardes laborables. Atención que se ven sumar á asistencia urxente que presta o Punto de Atención Continuada tardes e noites, ademais dos festivos.

Esta ampliación da carteira de servizos no centro de Saúde ordense vense sumar a incorporación dunha Traballadora Social e ás melloras en infraestruturas (obras de mellora en Pediatría) así como á adquisición de nova tecnoloxía sanitaria, como desfibrilador, espirómetro, electrocardiógrafo, desfibrilador ou dermatoscopio, entre outros.

Este centro de atención primaria conta cun cadro de persoal de máis de 30 profesionais e con numerosos servizos de apoio, ademais da atención de medicina de familia, pediátrica e de enfermería, como matrona, fisioterapeuta, hixienista bucodental, odontoloxía, farmacia e traballador social (este último implantado no pasado 2020). Os profesionais dos diferentes servizos realizan unhas 145.000 consultas ao ano tipo para unha poboación de máis 13.000 tarxetas sanitarias.

Sáudos,